

BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS: ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.-

1º. Conforme o artigo 73.3 da Lei reguladora de bases do réxime local, o Pleno da corporación, con cargo aos seus orzamentos anuais, poderá asignarlles aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de orzamentos xerais do Estado, e sen que poidan destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial; é dicir, non se poden comprar bens inmateriais ou de investimento (maquinaria, mobiliario, útiles e ferramentas, equipos informáticos, etcétera).

As cantidades concretas asignadas a cada grupo determinaranse (nos supostos de modificación das contías vixentes) anualmente, de ser posible, na mesma sesión de aprobación do orzamento xeral municipal.

2º. Para o cumprimento dos seus fins, e con cargo ao orzamento anual de cada exercicio se estableceu para os grupos políticos municipais por acordo de Pleno unha dotación económica anual.

3º. En desenvolvemento do texto do artigo 73.3, en aras dunha maior transparencia e seguridade xurídica, faise necesario que o Concello estableza unha regulamentación propia que concrete o destino desta dotación económica, delimitando o que se consideran actuacións propias dos grupos no exercicio da súa actuación corporativa, coa intención de que os fondos se xustifiquen da mellor maneira posible e seguindo un procedemento preestablecido.

A dotación económica a que se refire o artigo 73.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local ten natureza de subvención nos termos indicados na normativa definitiva e reguladora das subvencións, se ben está excluída pola Lei xeral de subvencións do seu ámbito de aplicación.

O Concello, ao comezo de cada mandato, poderá establecer as cantidades económicas que estime convenientes para coadjuvar ás actividades e funcionamento dos grupos políticos constituídos de acordo coa lexislación aplicable. As citadas cantidades poderán ser revisadas durante o mandato e estarán relacionadas cos custos orixinados pola actividade subvencionable. O orzamento xeral do Concello conterá unha partida con importe suficiente para atender o gasto derivado da dotación económica aos grupos municipais.

Aos efectos do disposto nesta base considéranse beneficiarios desta subvención os grupos políticos municipais legalmente constituídos.

O grupo mixto, caso de existir, terá os mesmos dereitos a recibir a asignación que o resto de grupos, así como as mesmas obrigas. Os concelleiros non adscritos perderán os dereitos económicos vinculados aos grupos políticos municipais, despois de que deixan de selo.

Os grupos municipais, para poder ser beneficiarios desta subvención, terán as seguintes obrigacións:

- a) Obter un número de identificación fiscal propio e diferenciado do partido político ao que se atope vinculado.
- b) Obter un número de conta corrente da súa titularidade.
- c) Levar unha contabilidade específica dos seus gastos e ingresos.
- d) Conservar os xustificantes de gastos e ingresos que apoién os asentos contables.
- e) Estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.
- f) Se, con cargo aos devanditos fondos, os grupos abonan honorarios profesionais ou outros gastos suxeitos a retención, estarán obrigados a practicar as correspondentes retencións, así como ao seu ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Considéranse actividades propias do funcionamento dos grupos políticos as seguintes:

- a) Os actos públicos que o respectivo grupo do Concello realice para a difusión ante a sociedade civil, asociacións, ou grupos municipais das súas iniciativa e propostas políticas impulsadas en/ou desde o Concello.
- b) Os gastos de difusión nos medios de comunicación, folletos, buzoneo e medios similares das iniciativas propias do grupo.
- c) Gastos de representación, gastos de manutención por reunións con alcaldes, concelleiros e deputados, co fin de coordinar políticas ou negociar asuntos ou cuestións que afecten as funcións e tarefas do grupo político no Concello.
- d) Subministracións de bens non inventariables, consumibles, telefonía, mantemento do servizo informático propio, da web do grupo político que contrate o mesmo.
- e) Contratos de aluguer, a nome do grupo, de locais necesarios para o exercicio das súas funcións.

- f) Contratos de servizos en apoio das tarefas e obrigacións propias do grupo municipal no exercicio da súa actuación corporativa.
- g) Comisións bancarias de xestión e mantemento da conta corrente aberta ao seu nome.
- h) Gastos en formación dos membros do grupo municipal en cuestións relacionadas coas súas tarefas dentro do mesmo.
- i) Gastos en desprazamento e manutención dos edís do grupo, con motivo de actos ou reunións de contido local ou sectorial, de interese para o funcionamento do respectivo grupo municipal no exercicio da súa actuación corporativa.
- j) Gastos en material propio do labor de concelleiro en exercicio do seu labor corporativo.

Os **límites** a estes gastos determínanos a LRBRL ao indicar que debe tratarse de gastos de funcionamento e que, en ningún caso, poderá destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal que preste servizos á corporación ou á adquisición de bens de investimento. A modo indicativo, trataríase de gastos correntes que sexan imprescindibles para o grupo político en canto ao desenvolvemento da función de servizo público que cumpre; por exemplo: material de oficina, arrendamento de local, luz, auga, teléfono, publicidade, gastos de limpeza e calquera outro indispensable para o funcionamento do grupo.

Consideraranse bens inventariables os que reúnan as características sinaladas na normativa reguladora da estrutura orzamentaria das entidades locais para ser imputados ao capítulo 6 “Investimentos reais”. Non serán válidas transferencias para financiar ao partido político.

Por tratarse de asignacións económicas a grupos políticos, e non a partidos políticos, non se poderá destinar esta asignación para fins electorais como campañas, publicidade, etc. Con respecto aos gastos de aluguer, o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais no seu artigo 27 establece que na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local, os diversos grupos políticos disporán na sede desta dun despacho ou local para reunirse de xeito independente e recibir visitas dos cidadáns. Se isto non fora posible, si poderán sufragarse os gastos de aluguer. Porén, exceptúase o grupo municipal do equipo de goberno, por entenderse que esta necesidade xa está cuberta coa utilización de certas dependencias da Casa do Concello.

Cada grupo político deberá levar unha contabilidade específica dos seus gastos e ingresos, rexistrando cada unha das operacións que realicen (no apartado de ingresos constará a subvención recibida e no de gastos aqueles en que incorresen ao longo do ano) e conservando as correspondentes facturas ou documento equivalente que conterán os requisitos esixidos pola lexislación vixente e estarán emitidas a nome do grupo e coa inclusión do CIF correspondente. As facturas deben conter todos os requisitos esixidos no RD 1619/2012, do 30 de novembro, e serán emitidas polo provedor a nome do grupo político municipal e coa inclusión do CIF correspondente. A contabilidade específica incluírá o reflexo de movementos de tesourería. Dita contabilidade deberase poñer a disposición do Pleno da Corporación cando este o solicite.

Cada grupo político establecerá internamente os seus mecanismos de xestión da contabilidade e de autorización e de disposición dos gastos.

4º A **xustificación** realizarase mediante a presentación da contabilidade específica e dos documentos xustificativos que apoiem os asentos contables. **Na primeira quincena do mes de novembro (en ningún caso con posterioridade ao día 15 deste mes)** presentaráselle á Intervención municipal unha copia da contabilidade independente e as facturas, orixinais ou en copia compulsada, correspondentes aos gastos que se realizan. Así como as listaxes de movementos bancarios da conta corrente para acreditar o pago das mesmas. Respecto dos pagos en efectivo deberá plasmarse sobre a factura para achegar, os seguintes elementos: data de pago, dilixencia de “pagado”, dilixencia de “en efectivo”, selo da empresa provedora e firma do representante desta, sempre dos límites legais de pagos en efectivo. Esta Intervención fiscalizará a documentación achegada e, de ser o caso, emitirá un informe en que se determine a necesidade do reintegro da subvención cando os gastos non se correspondan coa finalidade expresada na lei.

Se así se acorda, bastará coa presentación dunha conta xustificativa composta polas facturas debidamente conformadas e demais documentos acreditativos dos gastos realizados e do seu pagamento.

Rexerá o principio de anualidade do gasto, de modo que para a xustificación da asignación contemplada no orzamento dun exercicio orzamentario, só serán válidas facturas ou documentos xustificativos por servizos prestados nese exercicio orzamentario, coa excepción dos xustificantes que se deriven de gastos realizados entre o 15 de novembro e o 31 de decembro de cada exercicio, que serán imputables ao exercicio e á asignación do ano posterior.

A efectos da xustificación dos gastos de desprazamento, será válidos como documentos xustificativos:

- a) En caso de utilización de transporte público, o billete correspondente.
- b) En caso de utilización de transporte propio, deberá presentarse un parte xustificativa da quilometraxe

efectuada, e indemnizarse con 0,19 euros por quilómetro, así como tickets de aparcamento e peaxes. A estes efectos, será necesaria a presentación de documento acreditativo da celebración do evento e do lugar do mesmo.

As contas xustificativas presentadas polos grupos políticos serán aprobadas polo órgano competente, previa fiscalización pola Intervención Municipal. A Intervención fiscalizará a documentación achegada e, de ser o caso, emitirá un informe en que se determine a necesidade do reintegro da subvención cando os gastos non se correspondan coa finalidade expresada na lei. Posteriormente, informarase do expediente ao Pleno da corporación. Non obstante, o expediente será posto a disposición do Pleno sempre que este o solicite.

5º Por solicitude de cada grupo político, no primeiro trimestre do exercicio, adiantarase o 80% da cantidade asignada. Se a xustificación fora correcta, farase o aboamento do 20% restante cando os gastos que se xustifiquen o sexan polo importe íntegro da subvención.